



a boia

a boia

a boia

a boia

a boia

nº 17

a boia

a boia

a boia

~~~~~

~~~~~

~~~~~

~~~~~



SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que son o transporte e a mobilidade?	Redacción.	4
Comparativa interurbana de medios de transporte.	Verdegaia Vigo	6
Viñeta	Vigodumbre	7
Hai unha estratexia para desmantelar o ferrocarril público en Galicia?	Tankollectif e Montenoso	8
Axudanos a acondicionar o refuxo de animais de Pontearreas "Biosbardos"	Protectora Biosbardos	10
Outra peza no motor da mudanza: As moedas sociais. O caso do Val Miñor	Juan Pablo Forti	11
Os muros (Berlín)	Utopía Foro	12
A mobilidade, un compromiso medioambiental.	Serxio Regueira	14
Garril bici en Vigo	Oscar Lomba	15
Portada e almanaque	Bort	

0.50€

nº16

Xullo-2014

COLABORA
CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
180 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase
baixo unha Licencia Creative
Commons Atribución-NoComercial-
CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ri (Sabaris), Café
Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo),
Bar Hipólito (Vigo), Tetería
Rosalinda (Vigo), Bar
Princesa (Vigo), Taberna
do Jefe (Gangas), Taberna
O rincón (Gangas), La
bolera (Moaña), Rañolas
Café (Condómar), Casa Colorida
(Nigrán), CS Fuscalho (A Guarda),
Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo),
CS Lume (Calvario), Galería Jazz
(Vigo), Café Bar A Pola (Vigo),
Cantina Candela (Vigo), Quinta da
Garmaña (Vigo)

RECÍCLAME!

EDITORIAL

Nestes tempos nos que o capitalismo, con afán infranqueable, persegue sacar rendibilidade das máis remotas nimiedades, hai un campo que cada vez vai fuxindo das súas redes; a cultura. Coa expansión das tecnoloxías dixitais, un punto en concreto fica varado no centro de discusión como símbolo da loita irreconciliable entre as capitalistas e as que non o son: os dereitos de autoría. As primeiras afirman que a autoría de calquera obra ha de ser posesión da persoa creadora coma se fora un ben máis, mentres que as outras sosteñen que **o intento capitalista de reproducir a plusvalía no eido cultural priva de sentido á cultura ó cernarlle o obxecto polo cal é creada: a difusión**. No transfondo do asunto déixase presumir unha loita que remite a esencia mesma da propiedade privada. Enténdese que a propiedade privada xorde como dereito inalienable da propia produción do ser humano na natureza, non é difícil reempregar este argumento no eido da propiedade intelectual. Como dicíamos antes, esta restrición do acceso do ser humano ás máis grandes producións do seu espírito invalida de senso o propio acto de crealas. O proceso resulta aínda máis delitivo cando, tras esta pátina de honradez ideolóxica por parte do capitalismo, non se agocha máis que a persistente teima de sacar lucro a cada cousa susceptible diso.

De feito, un dos argumentos esgrimidos con teimosa frecuncia polos últimos Ministerios de Cultura do goberno do Estado español así como pola SGAE é a lapidaria ameaza de morte que persegue á cultura se non se lle pon freo á copia. Sen os dereitos de autoría, cánones dixitais, peches

de páxinas de descargas, persecución policial de cibernautas, etc..., as persoas autoras que produzan cultura morrerán irremediabilmente de fame, devolvendo ó homo sapiens a un primitivo e perigoso estado precultural. Nembargantes a historia amosa precisamente ó contrario; foi coa entrada da imprenta (un fenómeno totalmente comparable a dixitalización das obras na era da world wide web), e a súa consecuente difusión, cando a cultura acadou os seus séculos dourados. De feito a nomenclatura peiorativa de "piratería" agacha unha asimetría moi tendenciosa; mentres que o diálogo artístico entre os clásicos chámase estudo de fontes no eido académico, para a SGAE e referido as persoas autoras contemporáneas o mesmo vaivén tídase de plaxio.

As mesmas persoas que diatriban contra a multiplicación de canles de difusión non o fan porque lles preocupe en exceso o declive cultural, senón porque se lles restrinxe a percepción dos ingresos que elas entenden como negocio. Nos pola nosa parte entendemos que un sistema cuxa continuidade depende da universalización da ignorancia para proveito privado é un sistema inmoral. Destruilo é sinxelamente un paso mais na longa historia da loita pola liberdade.

QUE É A CULTURA LIBRE?

Redacción.

A cultura libre é un movemento que se xera en radical resposta ás restricións que impoñen os dereitos de autor. Propugna a liberdade na distribución e modificación do traballo creativo para así acabar coas restricións que impoñen os dereitos de autor, pois enténdese que estes abafan a creatividade.

QUE SON OS DEREITOS DE AUTORÍA?

Os dereitos de autoría é un conxunto de normas e principios xurídicos que afirman os dereitos morais e patrimoniais das autoras polo só feito da creación dunha obra literaria, artística, musical, científica ou didáctica, ben sexa inedita ou publicada. Está recoñecido como un dos dereitos fundamentais na Declaración Universais de Dereitos Humanos.

"O dominio público implica que as obras poden ser explotadas por calquera, mais sempre respetando os dereitos morais das súas autoras"

QUÉ IMPLICA UNHA SITUACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO?


Unha obra pasa ó dominio público cando os dereitos patrimoniais expiraron. Isto acontece habitualmente transcurrido un prazo dende a morte da autora. O prazo mínimo a nivel mundial, é de 50 ano e está establecido no Convenio de Berna, aínda que en moitos países ese prazo ampliouse significativamente (no Dereito europeo, por exemplo, son 70 anos despois da morte do autor).

Esto basicamente implica que as obras poden ser explotadas por calquera persoa,

mais sempre respetando os dereitos morais das súas autoras (o recoñecemento da autoria orixinal) pois o que en realidade finaliza son os dereitos de carácter patrimonial. Compre entender que a situación de dominio público (no tocante as obras anteriormente explicitadas) deuse durante toda a historia da humanidade até a creación dos dereitos de autoíar fai tres séculos.

E A DE DORTIDO LIBRE?

Ao suprimirse as restricións legais no tocante ó dereito de uso, liberarse a redistribución ou a creación de versións modificadas ou derivadas por parte de terceiras persoas. Dado que, por omisión, a lei otorga ás propietarias de dereitos un control total sobor as súas creacións, é necesario declarar de forma explícita que unha obra é libre, xeralmente por medio da referencia ou inclusión de cláusulas de licencia que acompañen á obra.



Thomas Jefferson

"Quen recibe unha idea de mín, recibe instrucción sen diminuír a miña; igual que quen prende a súa candeia coa miña, adquire luz sen deixarme a mín a escuras"

“As Creative Commons permiten as autoras liberar certos dereitos que terían reservados por lei”

QUÉ É CREATIVE COMMONS?

Creative Commons (traducible como “Comunalidades creativas”) é unha organización sen ánimo de lucro cuxa finalidade é facilitar a difusión e a utilización do traballo creativo por parte de calquer persoa. Esta organización ofrece unha serie de cláusulas xurídicas que permiten á autora “liberar” certos dereitos que tería reservados por lei. É necesario engadir que as licencias Creative Commons non reemprazan os dereitos de autoría, senón que simplemente permiten á autora modificalos termos e condicións da licenza da súa obra de xeito que libera aqueles que considere oportuno.

QUÉ É O SOFTWARE LIBRE?

É o software que respeta a liberdade de todolas usuarias que adquiriron o produto para pode ser usado, copiado, estudiado, modificado e redistribuído libremente.

O software libre acostuma estar dispoñible gratuitamente, ou a precio do custo da distribución; sen embargo non é obrigatorio que sexa así, polo tanto non hai que asociar “software libre” a “software gratuito” (freeware) xa que, conservando o seu carácter de libre, pode ser distribuído comercialmente.

De xeito semellante, tampouco debe confundirse software libre con software de dominio público. Este último é aquel software que non require de licenza, pois os seus dereitos de explotación son para toda a humanidade, porque pertence a todos por igual. Calquera pode facer uso del, sempre con fines legais e consignando a súa autoría orixinal. Este software sería aquel cuxa autora donao á humanidade ou cuxos dereitos de autoría xa remataron, tras un prazo contado dende o pasamento deste. Se unha autora condiciona o seu

uso baixo unha licenza, por moi feble que sexa, xa non é de dominio público. Estas son as 4 liberdades que un software ha de garantir:

- A liberdade de poder utilizar o programa independentemente do propósito.
- A liberdade de estudar cómo funciona o programa e modificalo, adaptándoo ás necesidades
- A liberdade de distribuír copias do programa, co cal podes axudar ao teu veciña.
- A liberdade de mellorar o programa e facer públicas esas melloras ós demais, de xeito que toda a comunidade sexa beneficiaria

Estes catro principios son os mesmo que rixen a eventual clasificación de calquer tipo de obra cultural como libre.



Foto: Han Soete

E TI QUE PODES FAGER?

Participa da creación e difusión da cultura libre, achegate a eventos culturais que defendan a libre difusión da cultura, apoia a editoriais, grupos e artistas en xeral que difundan as súas creacións baixo licencias Creative Commons. Adirete a asociacións que defendan a cultura libre ou funda unha, participa de alternativas como festivais, feiras do libro alternativas, radios libres.

CULTURA LIBRE

Oscar Lomba

A cultura libre baséase na liberdade de modificación e distribución de traballos e obras creativas. Oponse ao concepto restritivo dos dereitos de autor. O movemento da cultura libre envolve a produción e a defensa de diversas formas de contido libre, como o software libre, coñecemento libre, música libre, entre outros.

Os anos 80 quedaron marcados pola aparición de numerosos movementos sociais de base (*grassroots*), pero só a partir dos anos 90 os movementos de cultura libre toman forma e conducen ao cuestionamento do copyright e á aparición do copyleft que critica a propiedade intelectual privada buscando a socialización do coñecemento. O proceso polo cal unha obra deixa de ser refén dos dereitos de autoría e pasa ao dominio público é notoriamente complexo e desigual, en determinados países existen obras que xa deberían pertencer ao dominio público e que poden ter un período de vixencia do copyright prolongado. Iso demostra un desequilibrio entre os intereses da maioría social e os do poder económico.

Podemos afirmar que a Cultura Libre defende que todo ben cultural, artístico, científico e tecnolóxico producido debería pertencer ao conxunto da sociedade. Xa que logo, debe ofrecer a liberdade de uso, modificación, adaptación e distribución a todos e todas.

"Coa aparición do concepto do software libre agroma unha actitude de enfrontamento á propiedade intelectual"

Coa aparición do concepto do software libre agroma unha actitude de enfrontamento á propiedade intelectual. O devandito software libre respecta a liberdade de todos os usuarios que adquiriron o produto e, xa que logo, unha vez obtido o mesmo pode ser usado, copiado, estudado, modificado e redistribuído libremente de varias maneiras. De acordo con eses conceptos, estudantes, artistas e xuristas comezaron a contestar a aplicabilidade legal e consensual dos dereitos intelectuais de natureza creativa e en 2002 propuxeron o Creative Commons. Este é un modelo máis flexíbel de propiedade sobre a obra. Créanse unha serie de licenzas estandarizadas para as obras artísticas e culturais que lle permiten ao autor reservarse só algúns dereitos sobre a súa obra, en contraposición ao "todos os dereitos reservados" do copyright. De acordo con esta licenza, outras persoas poden copiar, distribuír, exhibir e executar a obra; crear obras derivadas e facer un uso comercial da mesma, sempre que se recoñeza ao creador a autoría de devandita obra. Todas as reproducións necesitan ter os termos da licenza ben definidos e explicados.



Le Petit Prince :



Mon dessin ne représentait pas un chapeau
...Il représentait un serpent boa qui digerait
une figure politique en Espagne.



· RATÖNA 2013.

PATRIMONIO SOCIAL E CULTURA LIBRE

Uxío Reinoso Maset*

Nas últimas décadas forón moitos os avances que se teñen dado no eido da chamada "Cultura Libre". Hoxe en día, quizais máis que nunca, unha inmensidade de obxectos da cultura inmaterial circulan pola nosa sociedade. A través da rede, as bibliotecas, arquivos e o intercambio directo entre persoas, boa parte do mundo pode atopar con licenza libre unha gran cantidade e calidade de pezas de música, escritos, software, deseños, fotografías, películas,...

Esto foi posible gracias a revolución dixital, pero tamén a unha concienciación na necesidade de superar as limitacións que o Capital e o Estado estaban a porlle a cultura inmaterial. Agora, a xente, sen ter que sortear os límites dos dereitos de autoría, está compartindo e recreando a súa propia cultura inmaterial, dun xeito máis igualitario, participativo e xusto. Quizais os días da cultura de masas, feita por unha elite para a maioría, estén chegando ao seu fin; quizais gracias a cultura libre, a popular, feita por moitas para moitas, volte a ser hexemónica.



Danza na Tabacalera de Lavapies, ben de propiedade estatal e xestión comunitaria.

Foto: Imagen en acción

Sen dúbida este é un proceso maravilloso: por unha banda estase a favorecer a integración cultura da sociedade e por outra, ao retirar esta parte da cultura do mercado, estase a por certas trabas ao avance do Capitalismo. Pero eu creo que, sen abandonar este progreso da cultura inmaterial libre, é preciso estendelo tamén á cultura material; e o é polas mesmas razóns.

"O que se chama 'Cultura Libre' case nunca o é. Normalmente é cultura inmaterial libre dependente dun soporte material non libre."

A cultura inmaterial sempre precisa dun soporte físico: o software precisa hardware, así como as imaxes e grafías algún tipo de superficie (sexan os tradicionais papel, lenzo,... ou as modernas pantallas de ordenador), as artes escénicas precisan dun escenario,... e estes soportes físicos case sempre están en mans privadas ou institucións públicas antisociais (o Concello de Vigo, a Xunta de Santiago, o Estado de Madrid,...). Por tanto o que se chama "Cultura Libre", case nunca é tal, so é cultura inmaterial libre dependente dun soporte material non libre. Un exemplo o sería esta mesma revista, que é cultura libre no tocante aos contidos pero non ao continente (e por iso hai que pagar polo conxunto).

Quizais o avance da cultura inmaterial libre poida significar certa limitación ao progreso do Capitalismo; pero dado que o soporte material rara vez está fora do sistema capitalista, a o meu parecer, o está a fortalecer. Aumentar o volume de cultura inmaterial está a

aumentar a demanda de hardware, que é un dos maiores e mellores negocios que existen hoxe en día. Sería preciso un estudio permenorizado para discernir se en realidade a "Cultura Libre" está a debilitar ou a fornecer o Capitalismo.



Reconstrución do CSOA de Can Vies, BCN.

Foto: Fotomovimiento

Son moitas as estratexias que poderíamos adoptar para a liberación da cultura material. A tradicional, e maximalista, sería unha certa revolución que arrabatase ao Estado e aos capitalistas os medios de produción para polos en mans do pobo. Pero hai moitas outras opcións coas que ir avanzado e ensaiando a cultura material libre: a okupación, a expropiación, a reciclaxe e reutilización de refugallos, as "cousatecas" (servizo de depósito e prestamo de materiais, útiles e ferramentas), a difusión do concepto da "soberanía manufactureira",... ou o que eu chamo "Patrimonio Social".

O Patrimonio Social sería unha extensión do xa existente concepto xurídico do Patrimonio Histórico-Cultural. Pero sacandoo dos corsés do culturalismo, que só considera Patrimonio os "ben mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico,

etnográfico, científico e técnico"¹.

Así consideraríamos Patrimonio Social todos aqueles bens que estando actualmente sen uso (e polo tanto en perigo de deterioro) e sendo de interese conservar e reutilizar, foran creados polo Estado, comunidades menores (comunidades de monte, veciñais, sindicatos,...) e empresas, as que (atendendo a súa dimensión, natureza e desenvolvemento) consideremos suficientemente socializadas; ou sexa aqueles bens que se constituiron gracias/a costa de amplos sectores da sociedade.

Así os bens (mobles e inmobles) que sexan, ou foran nalgún tempo, propiedade de empresas como a RENFE, Telefónica, U. Fenosa, SEAT, as Caixas de Aforro, URALITA, Cia. Viguesa de Panificación... que estean abandonados, deberían ser suceptibles de ser expropiados e (re) convertidos en propiedade pública ou comunal de uso social.

"A institución do Patrimonio Social liberaría unha boa parte do cultura material, que así mesmo favorecería a real liberación da cultura inmaterial"

Deste xeito a sociedade actual podería reutilizar, conservar e transmitir, unha boa parte das infraestruturas e equipos que tanto traballo e recursos levaron as xeracións pasadas e que, aínda sendo útiles, actualmente están apodrecendo nas mans dos capitalistas e do Reino de España. Así o pobo non so gañaría estes obxectos da cultura material en concreto, senon que tamén, empregandoos de determinado xeito, permitiríase a real liberación daqueles da cultura inmaterial que agora chamamos "Libre".

Nota 1: Artigo 1.3 da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia

* Membro de Entremos na Panificadora



*Porque hai coisas
que só se podem
decidir quando
técnicas quincên,
Chamada a Tres*

REVISTA QUEMENARRAS

Quemenarras Revista

Coñecémonos na sección de caza do Corte Inglés durante un mitin de Convergencia i Unió. Na produción da nosa instalación de tapas de iogures no MOMA sorprendeunos a crise da papaia indonesia (nós dicíamos non).

O noso grande traballo interesoulle a importantes empresas como Cisco Systems, Gazprom e Frutas Katuxa. Recibimos un Nobel de literatura grazas a iso, compartido con Alexander Infojobs Senior (fundador do efectivo portal de traballo).

Ao destapar a relación entre Corea do Norte e Kenny G. chamamos a atención do F.M.I.,

"O F.M.I. confiounos a desetabilización do mundo árabe, as Azores, Perejil e Swazilandia"

que nos confiou o labor de desestabilizar o mundo árabe, as Azores, Perejil e Swazilandia.

Actualmente compartimos a nosa base coa sede de Al-Qaeda de Coia (a carón do Economato de Citroën). Se tes algún problema e nos atopas, quizais poidas contratarnos.

Síguenos en: <https://www.facebook.com/quemenarras>



AS PRIMAVERAS DO "BARRIO DO CURA"

Colectivo As primaveras do "Barrio do Cura"

***"Que ninguén mate ao suxeito
deste texto,
porque queremos vivir eiquí,
e construír eiquí
a partir de eiquí"***

"As primaveras do Barrio do Cura" é un proxecto que dende o ámbito artístico fai un chamamento á cidadanía para facer fronte ao devastador proceso especulativo de Karpín e Cía.

Mediante videocreacións nas que participan cineastas, poetas, músicas e bailarinas locais, os breves clips mostran os valores do patrimonio histórico-cultural e da vida que aínda perdura no chamado "Barrio do Cura": a rica auga da fonte da Barroca, a frescura que se sente no lavadoiro de Poboadores, a beleza das súas

rúas centenarias, a feitura da arquitectura popular ou a vitalidade do verde que aínda medra e se cultiva na milenaria horta do convento de San Francisco... Trátase, tamén, de evocar as oportunidades que este anaco de Casco Vello podería ofrecernos a todas para producir, festexar, habitar, transitar, conservar, crear... se non fose malvendido e maltratado polo Concello.

Xa podedes ver o primeiro clip en <http://vimeo.com/100652641>... séguenos.



A PROPIEDAD: O FRENO DA EVOLUCIÓN CULTURAL

Fou

A cultura pode ser considerada un dos motores máis importantes da evolución social do ser humano, pero vai acompañada dunha forza de fricción que frea ou incluso pode chegar a parar dita máquina de evolución.

Cando se realiza unha obra ou se ten unha idea, o primeiro que se pensa é en compartila. É algo natural e espontáneo. De que serviría dito traballo se non é coñecido? Primeiro cun grupo reducido de persoas de confianza, por exemplo, para ver as críticas ou defectos que ao mellor non se percibiran antes. Entón, revísase o traballo e fanse, ou non, cambios nel, poñendo así o punto e final ao material creado.



Deseño do autor a partir de deseños de VaGla e RaySys

Una vez feito isto, compártese e dáselle a coñecer á opinión pública sen máis?, sóbese á rede para que todo o mundo o poida gozar? distribúese e deixase que se copie e modifique para así dar lugar a un material máis complexo e enriquecedor?... ou pénsase en como protexer dito material para que ninguén poida sacar beneficio agás o creador ou creadora?

A maioría das veces pénsase nesta última cuestión, xa que a vontade xeral non é a de que o traballo realizado sexa coñecido, senón a de que este traballo sexa recoñecido. Pero non recoñecido no sentido de acompañar dita obra cun nome, xa que se fora este o motivo non habería impedimento en compartir o material sen máis. Cantas veces non se terá preguntado polo nome do autor ou autora de tal idea ou traballo coa vontade de coñecer a dita persoa e as súas demais creacións?

Cando digo recoñecido refírome a un recoñecemento económico, é dicir, a unha compensación material. O autor ou autora dunha obra ou idea considera habitualmente que a sociedade ten que recoñecer o seu labor e esforzo. É algo lóxico se o pensamos. Unha persoa dedica esforzo, tempo e saúde na realización dun algo do que logo outras persoas que non fixeron tales tarefas se van aproveitar? Parece totalmente inxusto, non si?

"Na realización das obras empreganse ferramentas e teorías que outras persoas elaboraron previamente. Non significa isto que a esas persoas corresponderíalles unha parte da túa compensación material?"



Pois atendendo a este razoamento, e facendo por bandeira esta causa xusta, eu digo algo máis: acaso na realización de tal obra ou no desenvolvemento de tal idea non empregaches ferramentas e teorías que outras persoas elaboraron de xeito previo? Entón, non significa iso que unha porcentaxe da túa compensación material froito do recoñecemento da sociedade correspóndelle de forma lexítima a esas persoas que coma ti son autoras de tales obras e ideas?

É aquí onde cae polo seu propio peso a argumentación do recoñecemento material das ideas e obras, xa que é imposible cuantificar en que medida as ferramentas e teorías influíron na elaboración da obra ou idea en cuestión. Isto é así porque cada idea, teoría, obxecto ou creación en xeral é froito do traballo intelectual e físico realizado no pasado e no presente.

Así pois, a forza de fricción que antes mencionei non era outra que a propiedade, que se interpón na creación cultural antepoñendo o recoñecemento material ao recoñecemento nominal e ao impulso natural de compartir as creacións.

Pero necesítase o recoñecemento material para poder comer, para poder vivir, poderá dicir algún autor ou autora que estea a ler isto. Pois ben, permítanme dicir que igual que pasa coas creacións culturais, nas creacións de calquera obxecto

ou produto está implicado o traballo individual e colectivo das xeracións actuais e precedentes e, polo tanto, é imposible cuantificar a contribución individual e, daquela, asignar un salario.

"Coas creacións culturais, coma calquera outro obxecto, está implicado o traballo das xeracións actuais e precedentes; é, polo tanto, imposible cuantificar a contribución individual e, daquela, asignar un salario."

Pero se actualmente vivimos cun sistema económico baseado na compensación salarial e o recoñecemento da propiedade das persoas sobre os obxectos e ideas que "crearon", ten sentido reivindicar unha libre distribución e modificación do material creado? Ten sentido subir á rede unha creación sen a protexer? Ten algún sentido reivindicar a libre cultura nunha sociedade baseada neses principios?

Si, porque defender a libre cultura é defender un modelo de sociedade no que o ser humano non é escravo nin da propiedade nin da compensación salarial. É a loita contra un sistema que supedita a cultura á economía no canto de ser esta unha fonte de riqueza social. A defensa dunha cultura libre é a defensa dunha sociedade libre.

A BOIA ENTREVISTA A...

CELSE LÓPEZ, PREDISDERTE DA ASEMBLEA REPUBLICANA DE VIGO



Cando e porque naceu a Asemblea Republicana de Vigo?

A Asemblea Republicana de Vigo (ARV), naceu co nome de Amigos da República a finais doas anos oitenta. Os seus primeiros anos de vida foron os dunha organización que levaba a cabo actividades e actos de carácter cultural e que todos os 14 de abril realizaba un xantar republicano, solidario e fraterno con motivo do aniversario da II República. Pasado o tempo e as conxunturas sociais e políticas, refundámonos a comezos do 2000, antepoñendo ao nome inicial o de ARV, e elaboramos uns novos estatutos.

"Na ARV unímonos para proclamar o noso republicanismo. Unha referencia dende a que combater as formas de opresión e dominación que hoxe existen"

A nosa asociación é de carácter non partidario e esta integrada por homes

e mulleres de distinta ideoloxía pero que asumen e comparten os valores e a conciencia histórica da esquerda e da República como forma de estado máis democrática. Ten como obxectivos a consolidación e o fortalecemento dunha corrente de opinión que proclame a defensa desa forma de estado e traballe a prol da articulación dun movemento unitario que, máis alá das distintas ideoloxías presentes no seu seo, teña como denominador común o rexeitamento da monarquía e a proclamación da República. Na ARV unímonos para proclamar, en público e en privado, o noso republicanismo, non só como exercicio de nostálxica lembranza, senón tamén como referencia desde a que combater as formas de opresión e dominación que hoxe padecemos.

República española, república galega; para vos hai algunha diferenza ideolóxica entre ambas opcións?

Nós non estramos nesa dialéctica como asociación xa que, como dixen antes, no noso interior existen moitas sensibilidades. Para ARV tratase de acadar unha forma de estado democrática que rache coa herdanza do franquismo e, xa que logo, coa forma monárquica. Onde a cidadanía decida e os cargos públicos, todos sen excepcións, saian do voto popular. Que sexa nun marco galego ou estatal é algo que dirá o futuro. Canto as diferencias ideolóxicas, eu falaría máis de tácticas e estratexias, márcanse polo espazo de actuación (Galiza ou o estado español). O final do proceso antimonárquico variaría segundo sexan os fins e os obxectivos.

Ademais do fin da monarquía, que máis pode significar a república?

Ben, algo xa quedou sinalado

anteriormente. Hoxe, en tempos de desaparición do “estado protector” historicamente nado nos tempos da Revolución Francesa, volver a aqueles valores semella algo esencial. República significa “liberdade” concepto que traduce liberdade de conciencia, laicismo e separación total de Igrexa e estado.

República significa tamén “igualdade”, que asemade traduce democrática en toda a súa dimensión, e desaparición de privilexios. Por exemplo sometemento do exercito ao poder civil e desaparición do protagonismo do estamento militar na constitución e na vida pública. Xa esta ben de que o actual xefe do estado se disfrace de militar de vez en cando.

***“Fraternidade significa
coeducación, dereitos da infancia,
respeto ao Dereito Internacional,
liberación dos pobos asoballados,
igualdade de xénero,...”***

E República traduce tamén “fraternidade” o outro concepto do trinomio francés que traduce social. Coeducación, separación real de Igrexa e Estado, dereitos da infancia, respecto ao Dereito Internacional, liberdade para os pobos asoballados e dereitos das nacións a decidir, igualdade de xénero, loita contra o belicismo, o imperialismo e o unilateralismo e defensa das canles diplomáticas para a resolución dos conflitos.... Velai algúns dos elementos que poden citarse nas dinámicas que están a prol dunha forma de estado republicana.

Que visión da UE ten a ARV?

Convén partir dunha premisa. Tanto o nacemento da ONU nos anos cuarenta como o da UE nos cincuenta, deben inserirse no contexto da guerra fría e da loita contra o socialismo real. Eu, sobre o que me preguntas, non podo falar no nome da ARV, xa que este tema non é un asunto central do noso traballo: nós non somos un partido político que

deba posicionarse cunha alternativa determinada en relación a esto. Pero si podo dicir que, na miña opinión, a UE é unha institución supraestatal construída dende arriba e ás costas da cidadanía. É un instrumentos das clases dominantes, tanto políticas como económicas dos países centrais, sobre todo Alemania, que ten un enorme déficit democrático. Xa que logo, ou ben se refunda dende outras bases, ou ben desaparece arrastrada por dinámicas históricas transformadoras.

Partamos do primeiro suposto. Do mesmo xeito que da ONU debe desaparecer o dereito de veto e facer posible que todos os estados membros participen en pe de igualdade nas decisións da Asembleas Xeral e do Consello de Seguridade, do mesmo xeito hai que botar ao lixo a actual configuración e fins do Consello e a Comisión da UE, deben desaparecer as practicas corruptas e a situación de privilexio dos deputados e, dende logo, debe cesar axiña a usurpación da soberanía dos estados membros por parte dos distintos órganos que forman a estrutura de poder da UE



Foto: Iker Ikerman.

